

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA
CELEBRADA O DÍA 26/06/2025(<http://sede.vilagarcia.gal>)

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE
D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS
DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
DONA PAOLA MARIA MOCHALES
D. CARLOS COIRA LOJO
DONA SONIA OUTON CASAL
D. DIEGO GARCIA SANTIAGO
DONA LUZ MARIA ABALO PÉREZ
D. ALVARO CAROU GARCÍA
D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO
DONA ANA MARIA GRANJA GUILLÁN
D. JUAN ANDRES BAYON ROLO
DONA MARIA ELENA SUAREZ SARMIENTO
D. JESUS REY RODRIGUEZ
D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO
D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ
DONA MARTA MARÍA FERRADANS PADIN
D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO
D. JULIO VARELA CARDALDA
D. FRANCISCO XABIER RODRIGUEZ PAZ
DONA ROSA MARIA ABUIN RODRIGUEZ
D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO

SECRETARIA
MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 26/06/2025, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 29 de maio de 2025.
2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes maio de 2025.
3. Aprobación, se procede, do expediente de cambio de finalidade de préstamo e modificación de crédito por crédito extraordinario 02/CE/2025, suplemento de crédito 03/SC/2025 por importe de 260.309,82 €
4. Exame das alegacións e aprobación definitiva, se procede, da proposta da Alcaldía, relativa ao cambio de denominación de diversas rúas do Concello e a retirada de recoñecementos, honras e distincións
5. Aprobación, se procede, do Convenio entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Vilagarcía de Arousa, para a execución da actuación de saneamento “ampliación da estación depuradora de augas residuais”.
6. Aprobación, se procede, da cesión gratuita á Asociación Autismo BATA, da antiga escola unitaria de Guillán, sita na Rúa Xiabre 19.

7. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.

8. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, relativa á modificación do horario lectivo e do servizo de transporte escolar do CEIP de Rubiáns.

9. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, relativa ao remate da obra e posta en marcha do aparcadoiro disuasorio para o fomento do uso compartido en Cornazo.

10. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de Esquerda Unida, relativa á creación dunha liña de axudas municipais ao transporte colectivo de menores para clubs deportivos, asociacións culturais e centros educativos.

11. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP, sobre o estado de abandono das fontes, da vexetación e dos lavadoiros, en Vilagarcía de Arousa

12. Comparecencia de D. Alvaro Carou García, en relación co anuncio de Renfe de redución de frecuencias do tren de longa distancia que conecta Vilagarcía coa Meseta.

13. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.

14. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.

15. Resposta dos/as concelleiros/as delegados/as ás preguntas formuladas no Pleno anterior.

16. Rogos e preguntas presentadas por escrito polos membros da Corporación Municipal.

17. Rogos e preguntas formuladas oralmente polos membros da Corporación Municipal.
18. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

A sesión é gravada, imaxe e son, polos funcionarios municipais D. Manuel Angel Figueiredo González e D. Alberto Fandiño Mariño utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA DE DATA 29 DE MAIO DE 2025.

Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta.

Non habendo ningunha proposta de rectificación queda aprobada por unanimidade dos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21) a acta da sesión anterior de data 29 de maio de 2025

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250529&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE MAIO DE 2025: Pola Secretaría dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA:

- 1 Inscripción Asociación en Rexistro Municipal
- 1 Corrección datos Santa Rita
- 2 Aprobación Plan Seguridade e Saúde
- 1 Solicitude Subvención para obras
- 1 Corrección erros expte. Transferencia de crédito
- 1 Transferencia de crédito
- 12 Expediente de modificación de crédito por xeración
- 1 Expediente de modificación de crédito por subvención
- 1 Autorización festas ao aire libre
- 2 Baixa por inscrición indebida no Padrón de habitantes
- 12 Pirmeiras alegacións expediente sancionador de tráfico
- 4 Recurso de reposición expediente sancionador de tráfico
- 2 Resolución sancionadora expediente tráfico
- 5 Arquivo expediente sancionador de tráfico
- 1 Aboamento servizos prestados en xornada nocturna
- 2 Dedución de haberes por ausencia non xustificada do posto de traballo
- 8 Nomeamento de funcionario/a interino/a
- 1 Modificación nomeamento funcionario/a interino/a
- 1 Pagamento vacacións non gozadas por falecemento
- 1 Pagamento plan de pensións
- 6 Substitución posto de categoría superior
- 7 Expediente sancionador empregado/a municipal
- 1 Adxudicación contrato menor
- 1 Avocación competencias adxudicación contrato menor
- 1 Pagamento poliza Festas Santa Rita
- 1 Aboamento taxa Xunta de Galicia
- 3 Persoación Recurso Contencioso Administrativo
- 3 Licenza animais potencialmente perigosos
- 18 Levantamento de reparo facturas
- 3 Relación facturas Axuda no Fogar

1 Estimatoria derivación subsidiaria
2 Estimatoria pagos indebidos
2 Estimatoria IAE
1 Desestimatoria outras solicitudes tributarias
1 Desestimatoria rateo no IVTM
4 Estimatoira pagos duplicados
2 Desestimatoria IVTM
5 Estimatoria compensación de debedas
7 Estimatoria recibos
29 Estimatoria/Desestimatoria taxas e prezos públicos
1 Estimatoria exención no IBI
4 Estimatoria IBI
16 Estimatoria liquidacións e baixas
61 Estimatoria/desestimatoria beneficios fiscais IVTM
6 Estimatoira IIVTNU
1 Calendario fiscal 2025
10 Pago comisións bancarias
2 Pago préstamo bancario
1 Recargo AEAT por autoliquidación extemporanea
1 Alegacións recargo AEAT por autoliquidación extemporanea
96 Orde de pago
1 Supresión caixa de efectivo da Tesourería Municipal
1 Expediente Sancionador Tesourería
26 Deber de conservación
7 Orde execución malezas
22 Reposición da legalidade urbanística
7 Terraza establecemento hostalería
57 Comunicación previa obra menor
7 Ineficacia comunicación previa obra menor
1 Prorroga comunicación previa obra menor
2 Arquivo comunicación previa obra menor
1 Licenza de primeira ocupación
34 Licenza de obra menor
10 Licenza de obra maior
2 Transmisión de licenza de obra maior
1 Conformidade proxecto de execución
1 Desestimento licenza de obra maior
1 Prórroga licenza de obra maior
3 Comunicación previa apertura de establecemento
6 Comunicación previa cambio de titularidade establecemento
1 Arquivo comunicación previa apertura de establecemento

TOTAL: 548

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250529&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

Polo Sr. Alcalde al térase a Orde do Día da sesión do Pleno pasando a tratar a continuación os asuntos que figuran co nº 7 (solicitud de participación cidadá) e a continuación o asunto que figura co número 8 da orde do día do Pleno "Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, relativa á modificación do horario lectivo e do servizo de transporte escolar do CEIP de Rubiáns".

7.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓNS OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.:

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Está presentada a seguinte solicitude de participación cidadá:

- Dona Silvia María García López, en representación da ANPA CASANOVA do CEIP de Rubiáns en relación coa moción do grupo político municipal do BNG relativa á modificación do horario lectivo e do servizo de transporte escolar do CEIP de Rubiáns.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250529&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG, RELATIVA Á MODIFICACIÓN DO HORARIO LECTIVO E DO SERVIZO DE TRANSPORTE ESCOLAR DO CEIP DE RUBIÁNS.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, de data 23 de xuño de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, coa data de 9 de xuño de 2025, do seguinte teor:

MOCIÓN RELATIVA Á MODIFICACIÓN DO HORARIO LECTIVO E DO SERVIZO DE TRANSPORTE ESCOLAR DO CEIP DE RUBIÁNS

Don Francisco Javier Rodríguez Paz, portavoz do Grupo municipal do BNG no concello de Vilagarcía de Arousa, ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e, se procede, aprobación a seguinte moción.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O CEIP de Rubiáns leva anos reivindicando que o seu centro conte cuns horarios lectivos decentes que permitan o desenvolvemento da súa actividade de xeito que tanto crianzas coma familias poidan levar á cabo o seu día a día nun contexto favorábel, que permita a conciliación de toda a comunidade educativa e unha xornada libre de estres e prásas para as crianzas.

É realmente indignante que dita programación lectiva se leve a cabo única e exclusivamente debido ao servizo de autobús, o cal comparten con alumnado doutros centros vilagarcíans. Polo tanto vemos como a vida de toda unha comunidade educativa vese modificada simplemente por meros motivos económicos.

Dende o ano escolar 2007-08 o CEIP de Rubiáns conta cuns horarios diferentes aos do resto dos centros de ensino público de Vilagarcía: Á súa hora de entrada é as 9.50, o cal provoca que as familias se vexan obrigadas por tema de conciliación a tirar de outras persoas que trasladen aos seus fillos e fillas tanto ao centro escolar coma á parada de autobús. Ademais, debido precisamente ao horario de inicio das aulas, o centro conta unicamente cun Plan Madruga que non cubre o horario que as familias realmente precisan, o cal provoca que o seu uso non sexa

moi factíbel impedindo unha conciliación real.

Ao remate das clases, ás 14.50, vólvese dar unha situación indesexábel, xa que as crianzas usuarias do servizo de comedor contan con tan so media hora para comer, a cal todas e todos podemos entender que non é media hora real entre que chegan, colócanse e lles serven o xantar, para logo saír correndo para coller o autobús. Falamos polo tanto de nenas e nenos que vense obrigados a comer nun espazo de tempo de entre 15 e 20 minutos de tempo, establecendo así uns hábitos de alimentación nada saudábeis e en contra do establecido e recomendado polos especialistas en nutrición e dietética.

Unha das condicionantes máis claras do horario dos centros escolares galegos é o orzamento que a Xunta está disposta a destinar ao transporte escolar. É habitual ver horarios en centros educativos sen sentido, especialmente comparados con centros próximos, para aproveitar os mesmos buses en varios centros. Tal é a supeditación da educación ao transporte escolar, que a propia normativa para cambio de horarios non obedece á vontade da comunidade escolar senón ás contas do transporte escolar, podendo deixar sen efecto calquera proposta de cambio, por moi sensato que este sexa e aínda que conte con criterios pedagóxicos que o avalen e co apoio unánime da comunidade educativa. Dende o BNG temos claro que o posicionamento da Xunta e a súa negativa deixa claro cales son as prioridades do goberno galego, vinculando os investimentos en educación a criterios económicos como é o de non autorizar un incremento do gasto en transporte, mentres que por outra parte subvenciónanse e promóvense centros de educación privados.

É intolerábel que a programación lectiva se leve a cabo única e exclusivamente en base ao servizo de autobús, o cal comparten con alumnado doutros centros vilagarcíans, afectando á vida de toda unha comunidade e de novo primando os intereses económicos fronte ao servizo á cidadanía. O negocio privado fronte aos dereitos que coma cidadáns temos. Hai que lembrar que precisamente fai anos, cando o debate da xornada lectiva única estaba na rúa, moitos centros tiveron problemas á hora de apostar por ela precisamente pola imposición das empresas de transporte que obrigaban a duplicar liñas ou a aumentar os cartos ante a ameaza de non dar cobertura de transporte escolar a todo o mundo. Isto provocou que en varios centros aínda de maneira residual coma é o caso do CEIP de Rubiáns se manteña un horario totalmente desaxeitado ao ritmo de aprendizaxe pola mañá.

Estamos falando polo tanto dunha situación que ten fácil solución, dotar ao centro dun horario de 9.15 a 14.15 h coma o resto dos centros de Vilagarcía, e facilitarlle un servizo de autobús acorde ao mesmo, xa que entendemos que esta debería ser a lóxica habitual, que o servizo de buses se adapte ao centro e non á inversa. Ademais, agora é o momento propicio para levar a cabo dita acción, ante o remate do contrato coa concesionaria actual. Co cal sería perfectamente factíbel que a Xunta lle esixa á nova concesionaria que poña as liñas, o persoal e os recursos precisos para dotar ao centro dun servizo adecuado.

Por iso, solicitamos a adopción do seguinte

ACORDO:

- Instar á Xunta de Galiza a que modifique o horario lectivo do CEIP de Rubiáns, pasando do horario actual de 9.50 a 15.30h a un horario de 9.15 a 14.15h.
- Instar á Xunta de Galiza a que, dado que agora remata o contrato coa empresa concesionaria, inste á nova concesionaria a poñer os medios e os recursos precisos para dotar ao CEIP de Rubiáns dun servizo de autobús que faga posíbel un horario de 9.15 a 14.15h.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do BNG, EU e PSdeG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes do grupo político municipal do PP din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, relativa á modificación do horario lectivo e do servizo de transporte escolar do CEIP de Rubiáns.

A continuación Intervén Dona Silvia María García López, en representación da ANPA CASANOVA do CEIP de Rubiáns expoñendo as demandas da Comunidade Educativa do CEIP de Rubiáns.

Na sesión plenaria sométese a votación a moción polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do BNG e:

- Instar á Xunta de Galiza a que modifique o horario lectivo do CEIP de Rubiáns, pasando do horario actual de 9.50 a 15.30h a un horario de 9.15 a 14.15h.

- Instar á Xunta de Galiza a que, dado que agora remata o contrato coa empresa concesionaria do autobús.

s, inste á nova concesionaria a poñer os medios e os recursos precisos para dotar ao CEIP de Rubiáns dun servizo de autobús que faga posíbel un horario de 9.15 a 14.15h.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250529&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE CAMBIO DE FINALIDADE DE PRÉSTAMO E MODIFICACIÓN DE CRÉDITO POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO 02/CE/2025, SUPLEMENTO DE CRÉDITO 03/SC/2025 POR IMPORTE DE 260.309,82 €.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, de data 23 de xuño de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Alcaldía, do seguinte teor:

MEMORIA-PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA XUSTIFICATIVA DAS MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO, SUPLEMENTO DE CRÉDITO E DO CAMBIO DE FINALIDADE DO FINANCIAMENTO AFECTADO PROCEDENTE DE PRESTAMOS 2018, 2020 e 2021.

Mediante Providencia da Concelleira delegada de Facenda de data 13 de xuño incoáronse os seguintes expedientes:

- Expediente N° 03/SC/2025 de modificación de crédito por suplemento de crédito por importe de 223.346,74€ financiado con baixas de créditos existentes nos Anexos de Investimento dos exercicios 2018 e 2021.
- Expediente N° 02/CE/2025 de modificación de crédito por crédito extraordinario por importe de 36.963,08€ financiado con baixas de créditos existentes nos Anexos de Investimentos do exercicio 2020.
- Expediente N° 03/CF/2025 de cambio de finalidade do financiamento afectado procedente de operacións de préstamos a longo prazo concertadas e ingresada nos exercicios 2018, 2020 e 2021, afectas aos proxectos de gasto engadidos nos respectivos Anexos de investimento, por un importe global de 260.309,82€ e que afectan aos proxectos que a seguir se indican:

APLICACIÓN ORZ.	PROXECTO	DENOMINACIÓN	CRÉDITO DISPONIBLE	CAMBIO FINALIDADE	AXENTE FINANCIADOR
134	6290017	2018 2 DUSI 4 MOVPECI-MELLORA MOBILIDADE PEATONAL E CICLISTA-VLG-LA10 MOVPECI-OE 451	77.411,35	77.411,35	ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA
1530	62300	2020 2 PREST 16 MAQUINARIA PARQUE MOVIL SERVIZO DE OBRAS E VÍAS PÚBLICAS	117.140,86	36.963,08	VARIOS PRÉSTAMOS
1721	6290017	2018 2 DUSI 5 EFIENERG-AGR-PROMOCIÓN DA EFICIENCIA ENERXÉTICA-VLG-LA06-EFIENERG-OE 453SUPERP:	38.137,83	38.137,83	ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA

1721	6290017	2018 2 DUSI 6	ENERGPUB-INCREMENTO DO EMPREGO DE ENERXÍAS RENOVABLES EN EDIFICIOS PBLCOS. MUNICIPAIS-VLG-LA13-ENERGPUB-OE 453	17.140,59	17.140,59	ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA
1721	6290017	2018 2 DUSI 8	PATRICOS-RECUPERACION PATRIMONIO NATURAL COSTEIRO-VLG-LA20-PATRICOS-OE634	35.730,00	35.730,00	ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA
333	6320017	2018 2 DUSI 14	EQUIOBAN-RECUPERACION EQUIPAMENTOS EN DESUSO-VLG-LA 26-EQUIOABAN-OE 982	11.566,97	11.566,97	ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA
333	6320017	2021 2 DUSI 1	FAMILIVUL-APOIO FAMILIAS VULNERABLES FAVORECENDO A INCORPORACION SOCIAL E LABORAL-VLG-LA31-FAMILIVUL-OE 982	28.000,00	28.000,00	BANCO SABADELL
491	6410017	2018 2 DUSI 2	SMARTCITY-VILAGARCIA DE AROUSA SMART CITY-VLG_LA02_SMARTCITY_OE 233	15.360,00	15.360,00	ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA
				340.487,60	260.309,82	

O que se pretende con esta modificación é dotar os créditos necesarios para dar cobertura aos seguintes proxectos:

APLICACIÓN ORZ.		PROXECTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE SUPLEMENTO
134	62300	2024 4 OBRA 9	MAQUINARIA APARCAMENTO XOAN XXIII	98.182,78 €
459	61900	2024 2 POS24 7	HUMANIZACIÓN DA RÚA CONDE VALLELLANO	125.163,96 €
				223.346,74

Así como dotar o Orzamento vixente (2024 prorrogado) dos créditos necesarios para atender gastos do Capítuo 2.

APLICACIÓN ORZ.		PROXECTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
133	22706		ORDEAC. TRÁFICO E ESTACIONAMENTO-ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS	36.963,08 €
				36.963,08

Polo tanto, trátase de gastos específicos e determinados para os que se precisa contar con consignación orzamentaria con carácter urxente, e para o que no orzamento prorrogado non existe crédito suficiente e axeitado, non sendo admisible esperar nin á aprobación definitiva do orzamento nin o próximo exercicio para a súa execución:

- Proxecto 2024-4-OBRA-9, “MAQUINARIA APARCAMENTO XOAN XXIII “, dotado no Anexo de Investimentos do exercicio 2024 cun orzamento de 25.000,00€. O sistema actual de control de acceso, de pagamento e de vídeo-vixilancia está obsoleto, non existe mantemento nin recambios, polo que é totalmente necesario a súa substitución sendo necesaria unha maior dotación de crédito para atender as necesidades dun novo sistema de control e xestión intelixente para o aparcamento que conteña un sistema de acceso dos vehículos, de xestión e cobro e de vídeo-vixilancia que se integre nunha mesma aplicación e que permita a xestión remota.
- Proxecto 2024-2-POS24-7, “HUMANIZACIÓN DA RÚA CONDE VALLELLANO”, financiado pola Deputación provincial e xa adxudicado por un importe de 552.307,43€ cunha baixa de 12,64%. Debido a necesidades aparecidas durante a execución é necesario realizar un modificado que segundo informa a directora da obra, ten un importe de 125.163,96€ a precios de licitación. Este modificado débese a que o plantexamento inicial para as conexións existentes non é posible xa que as cotas actuais do terreo e o diametro das conexións non permiten a utilización da tubería co diametro actual e faise necesario un cambio tanto nos materiais como nos traballos a realizar.
- Dentro do proxecto de “RECUPERACIÓN DA FACHADA MARÍTIMA” , durante a revisión

inicial previa ao inicio dos traballos, detectouse a necesidade da xestión de residuos perigosos, correspondentes á retirada do amianto da cuberta da nave municipal a demoler así como a xestión da mezcla bituminosa que forma a capa de rodadura da explanada do aparcamento e para os que o Concello non conta con medios suficientes para realizar, sendo necesaria a súa contratación por empresas especializadas.

Tendo en conta o sobrante existente nos proxectos de gasto arriba indicados, todos eles finalizados, por un importe global de 340.487,60€, e que constitúe un recurso que pode financiar os aumentos que se propoñen por un importe de 260.309,82€ ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004.

Posto de manifesto mediante informe de Intervención adxunto ó expediente, que existen exceso de financiamento nos proxectos indicados, esta Alcaldía, co obxecto de atender ao gasto anteriormente descrito propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente nº 03/CF/2025 de modificación de finalidade do financiamento afectado por importe de 260.309,82€, segundo o seguinte detalle:

APLICACIÓN ORZ.		PROXECTO	DENOMINACIÓN	CRÉDITO DISPOÑIBLE	CAMBIO FINALIDADE	AXENTE FINANCIADOR
134	6290017	2018 2 DUSI 4	MOVPECI-MELLORA MOBILIDADE PEATONAL E CICLISTA-VLG-LA10 MOVPECI-OE 451	77.411,35	77.411,35	ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA
1530	62300	2020 PREST 16	2 MAQUINARIA PARQUE MOVIL SERVICIO DE OBRAS E VÍAS PÚBLICAS	117.140,86	36.963,08	VARIOS PRÉSTAMOS
1721	6290017	2018 2 DUSI 5	EFIENERG-AGR-PROMOCIÓN DA EFICIENCIA ENERXÉTICA-VLG-LA06-EFIENERG-OE 453SUPERP:	38.137,83	38.137,83	ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA
1721	6290017	2018 2 DUSI 6	ENERGPUB-INCREMENTO DO EMPREGO DE ENERXÍAS RENOVABLES EN EDIFICIOS PBLCOS. MUNICIPAIS-VLG-LA13-ENERGPUB-OE 453	17.140,59	17.140,59	ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA
1721	6290017	2018 2 DUSI 8	PATRICOS-RECUPERACION PATRIMONIO NATURAL COSTEIRO-VLG-LA20-PATRICOS-OE634	35.730,00	35.730,00	ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA
333	6320017	2018 2 DUSI 14	EQUIOBAN-RECUPERACION EQUIPAMENTOS EN DESUSO-VLG-LA 26-EQUIOBAN-OE 982	11.566,97	11.566,97	ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA
333	6320017	2021 2 DUSI 1	FAMILIVUL-APOIO FAMILIAS VULNERABLES FAVORECENDO A INCORPORACION SOCIAL E LABORAL-VLG-LA31-FAMILIVUL-OE 982	28.000,00	28.000,00	BANCO SABADELL
491	6410017	2018 2 DUSI 2	SMARTCITY-VILAGARCIA DE AROUSA SMART CITY-VLG_LA02_SMARTCITY_OE 233	15.360,00	15.360,00	ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA
				340.487,60	260.309,82	

SEGUNDO: Aprobar inicialmente o expediente nº 02/CE/2025 de crédito extraordinario financiado con baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente por importe de 36.963,08 €, para dotar o Orzamento vixente (2024 prorrogado) dos créditos necesarios para atender gastos do Capítuo 2 relativo aos traballos de xestión de residuos perigosos derivado da obra de Recuperación da fachada marítima.

TERCEIRO: Aprobar inicialmente o expediente nº 03/SC/2025 de suplemento de crédito financiado con baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente por importe de 223.346,74€, para atender os gastos derivados dos seguintes expedientes de gasto:

APLICACIÓN ORZ.		PROXECTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE SUPLEMENTO
134	62300	2024 4 OBRA 9	MAQUINARIA APARCAMENTO XOAN XXIII	98.182,78 €
459	61900	2024 2 POS24 7	HUMANIZACIÓN DA RÚA CONDE VALLELLANO	125.163,96 €

				223.346,74	
--	--	--	--	------------	--

CUARTO: Os medios e recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004 son as baixas de créditos de gastos das aplicacións do orzamento vixente correspondentes a Proxectos de gasto con modificación do seu financiamento, é dicir, os que se lle cambia a finalidade do financiamento afectado, procedente das operacións de préstamo concertadas e ingresada nos exercicios 2018, 2020 e 2022 e das que a súa dotación se estima reducible sen perturbación dos respectivos servizos, implicando a presente modificación o desestamento expreso para o proxectos afectados nos que se contabilizaran as baixas propostas, xa que se trata de sobrantes que non presentarán execución no exercicio 2025.

QUINTO: Modificar o Anexo de Investimentos, que deberá incorporar a distribución de financiamento afectado para os novos proxectos de gasto con financiamento afectado, que de seguido se indican:

APLICACIÓN ORZ.		PROXECTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE SUPLEMENTO	AXENTE FINANCIADOR	IMPORTE FINANCIADO	TOTAL FINANCIADO
134	62300	2024 4 OBRA 9	MAQUINARIA APARCAMENTO XXIII XOAN	98.182,78 €	ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA	77.411,35	98.182,78
						20.771,43	
459	61900	2024 2 POS24 7	HUMANIZACIÓN DA RÚA CONDE VALLELLANO	125.163,96 €	ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA	17.366,40	97.163,96
						17.140,59	
						35.730,00	
						11.566,97	
						15.360,00	
					BANCO SABADELL	28.000,00	28.000,00
				223.346,74			

SEXTO: Expoñer ao público os expedientes indicados, mediante anuncio no BOP por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno. Os expedientes se considerarán definitivamente aprobados se durante o citado prazo non se tivesen presentado reclamacións, en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

Dada a urxencia que revisten todas as actuacións que pretenden acometerse coas modificacións propostas, farase uso da excepción prevista na base nº 10 das BEO de forma que transcorrido o período de exposición sen presentarse alegacións, o crédito modificado estará dispoñible a efectos de execución orzamentaria, sen prexuízo da posterior e preceptiva publicación da aprobación definitiva a efectos de recursos.

SETIMO: Unha vez aprobados definitivamente os expedientes sinalados, serán insertados e resumidos por capítulos no BOP. Ademais, remitirase copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA simultaneamente ao envío do BOP.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica.

O ALCALDE

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do expediente de cambio de finalidade de préstamo e modificación de crédito por crédito extraordinario 02/CE/2025, suplemento de crédito 03/SC/2025 por importe de 260.309,82 €.

- Sendo as 18:00 horas incorporase á sesión D. Juan Andrés Bayón Rolo.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con once votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (9) e BNG (2), unha abstención do concelleiro pertencente ao grupo político municipal de EU (1) e nove votos en contra dos/as concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (9)

ACÓRDASE Por maioría:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente nº 03/CF/2025 de modificación de finalidade do financiamento afectado por importe de 260.309,82€, segundo o seguinte detalle:

APLICACIÓN ORZ.		PROXECTO	DENOMINACIÓN	CRÉDITO DISPONIBLE	CAMBIO FINALIDADE	AXENTE FINANCIADOR
134	6290017	2018 2 DUSI 4	MOVPECI-MELLORA MOBILIDADE PEATONAL E CICLISTA-VLG-LA10 MOVPECI-OE 451	77.411,35	77.411,35	ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA
1530	62300	2020 PREST 16	2 MAQUINARIA PARQUE MOVIL SERVIZO DE OBRAS E VÍAS PÚBLICAS	117.140,86	36.963,08	VARIOS PRÉSTAMOS
1721	6290017	2018 2 DUSI 5	EFIENERG-AGR-PROMOCIÓN DA EFICIENCIA ENERXÉTICA-VLG-LA06-EFIENERG-OE 453SUPERP:	38.137,83	38.137,83	ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA
1721	6290017	2018 2 DUSI 6	ENERGPUB-INCREMENTO DO EMPREGO DE ENERXÍAS RENOVABLES EN EDIFICIOS PBLCOS. MUNICIPAIS-VLG-LA13-ENERGPUB-OE 453	17.140,59	17.140,59	ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA
1721	6290017	2018 2 DUSI 8	PATRICOS-RECUPERACION PATRIMONIO NATURAL COSTEIRO-VLG-LA20-PATRICOS-OE634	35.730,00	35.730,00	ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA
333	6320017	2018 2 DUSI 14	EQUIOBAN-RECUPERACION EQUIPAMENTOS EN DESUSO-VLG-LA 26-EQUIOBAN-OE 982	11.566,97	11.566,97	ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA
333	6320017	2021 2 DUSI 1	FAMILIVUL-APOIO FAMILIAS VULNERABLES FAVORECENDO A INCORPORACION SOCIAL E LABORAL-VLG-LA31-FAMILIVUL-OE 982	28.000,00	28.000,00	BANCO SABADELL
491	6410017	2018 2 DUSI 2	SMARTCITY-VILAGARCIA DE AROUSA SMART CITY-VLG_LA02_SMARTCITY_OE 233	15.360,00	15.360,00	ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA
				340.487,60	260.309,82	

SEGUNDO: Aprobar inicialmente o expediente nº 02/CE/2025 de crédito extraordinario financiado con baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente por importe de 36.963,08 €, para dotar o Orzamento vixente (2024 prorrogado) dos créditos necesarios para atender gastos do Capítuo 2 relativo aos traballos de xestión de residuos perigosos derivado da obra de Recuperación da fachada marítima.

TERCEIRO: Aprobar inicialmente o expediente nº 03/SC/2025 de suplemento de crédito financiado con baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente por importe de 223.346,74€, para atender os gastos derivados dos seguintes expedientes de gasto:

APLICACIÓN ORZ.		PROXECTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE SUPLEMENTO
134	62300	2024 4 OBRA 9	MAQUINARIA APARCAMENTO XOAN XXIII	98.182,78 €
459	61900	2024 2 POS24 7	HUMANIZACIÓN DA RÚA CONDE VALLELLANO	125.163,96 €
				223.346,74

CUARTO: Os medios e recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004 son as baixas de créditos de gastos das aplicacións do orzamento vixente correspondentes a Proxectos de gasto con modificación do seu financiamento, é dicir, os que se lle cambia a finalidade do financiamento afectado, procedente das operacións de préstamo concertadas e ingresada nos exercicios 2018, 2020 e 2022 e das que a súa dotación se estima reducible sen perturbación dos respectivos servizos,

implicando a presente modificación o desestimento expreso para o proxectos afectados nos que se contabilizaran as baixas propostas, xa que se trata de sobrantes que non presentarán execución no exercicio 2025.

QUINTO: Modificar o Anexo de Investimentos, que deberá incorporar a distribución de financiamento afectado para os novos proxectos de gasto con financiamento afectado, que de seguido se indican:

APLICACIÓN ORZ.		PROXECTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE SUPLEMENTO	AXENTE FINANCIADOR	IMPORTE FINANCIADO	TOTAL FINANCIADO
134	62300	2024 4 OBRA 9	MAQUINARIA APARCAMENTO XOAN XXIII	98.182,78 €	ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA	77.411,35	98.182,78
						20.771,43	
459	61900	2024 2 POS24 7	HUMANIZACIÓN DA RÚA CONDE VALLELLANO	125.163,96 €	ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA	17.366,40	97.163,96
						17.140,59	
						35.730,00	
						11.566,97	
						15.360,00	
					BANCO SABADELL	28.000,00	28.000,00
				223.346,74			

SEXTO: Expoñer ao público os expedientes indicados, mediante anuncio no BOP por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno. Os expedientes se considerarán definitivamente aprobados se durante o citado prazo non se tivesen presentado reclamacións, en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

Dada a urxencia que revisten todas as actuacións que pretenden acometerse coas modificacións propostas, farase uso da excepción prevista na base nº 10 das BEO de forma que transcorrido o período de exposición sen presentarse alegacións, o crédito modificado estará dispoñible a efectos de execución orzamentaria, sen prexuízo da posterior e preceptiva publicación da aprobación definitiva a efectos de recursos.

SETIMO: Unha vez aprobados definitivamente os expedientes sinalados, serán insertados e resumidos por capítulos no BOP. Ademais, remitirase copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA simultaneamente ao envío do BOP.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250529&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4.- EXAME DAS ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DA ALCALDÍA, RELATIVA AO CAMBIO DE DENOMINACIÓN DE DIVERSAS RÚAS DO CONCELLO E A RETIRADA DE RECOÑECEMENTOS, HONRAS E DISTINCIÓNS.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, de data 23 de xuño de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Alcaldía, do seguinte teor:

PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN PARA RESOLVER AS ALEGACIÓNS PRESENTADAS E ELEVAR A DEFINITIVO O ACORDO PLENARIO DE 9 DE MAIO DE 2025 SOBRE O CAMBIO DE DENOMINACIÓN DE DIVERSAS RÚAS DO TERMO MUNICIPAL DE VILAGARCÍA DE AROUSA

En atención á necesidade de cumprir coa Lei 20/2022, de 19 de outubro, de Memoria Democrática; e seguindo os criterios de cumprimento dos acordos plenarios, o mantemento da toponimia histórica e a máis que necesaria feminización do rueiro, o Pleno do Concello de Vilagarcía de Rousa, en sesión ordinaria celebrada o 9 de maio de 2025 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“1) Aprobar inicialmente o cambio de denominación das seguintes rúas, que se fará efectivo unha vez que os servizos municipais de Obras e Policía Local, procedan á adquisición e colocación das novas placas coa nova denominación das rúas coa conseguinte retirada das placas actuais, establecéndose como data límite o 1 de setembro de 2025.

Denominacións actuais	As denominacións que estarán vixentes unha vez transcorrido o prazo de exposición ao público, aprobación definitiva e colocación das novas placas
Rúa Alcalde Rei Daviña	Rúa do Río
Rúa Xeneral Yagüe	Rúa Luís Pando
Travesía Xeneral Yagüe	Travesía Luís Pando
Rúa Fariña Ferreiro	Rúa Maruja Mallo
Avenida José María Rivero de Aguilar	Avenida Laureano Gómez Paratcha
Rúa Conde Vellellano	Rúa Clara Campoamor
Sen nome (rúa que vai do cemiterio do Carril a Cervantes)	Rúa Carmen Meaños «A Carrilla»
Sen nome (PO-548 rotonda Bamio)	Avenida María Casares
Travesía Xesteira	Camiño do Pombal
Travesía Feal	Camiño das Canedas (dende o número 1 ata 12 da actual Travesía Feal)
Travesía Feal	Camiño da Pedra da Vela (dende o número 14 da actual Travesía Feal ata a rúa Feal)
Rúa do Pavillón	Rúa As Lagoñas
Rúa 3	Rúa Covelo
Rúa almirante Fontán	Rúa Esteiro do Rial

Para causar o menor prexuízo aos veciños da Travesía Feal, xa que o cambio de denominación da rúa implica tamén, nunha parte, a modificación da numeración, o concello comprométese a subministrar sen custe algún, para os veciños, os novos números das vivendas, para que sexan colocadas polos seus propietarios.

2) Modificar o acordo plenario de data 21 de novembro de 1997, no seguinte senso, onde di acordase a denominación da rúa Ramiro del Río «Cañotas» á 2ª Travesía Rafael Pazos, entre a Praza Rafael Pazos e a rúa Saralegui; debe dicir acordase a denominación da rúa Ramiro del Río «Cañotas» á 1ª Travesía Rafael Pazos, entre a Praza Rafael Pazos e a rúa Saralegui.

3.- Acordase a instalación dun monolito cunha placa como recoñecemento aos traballadores do grupo Lantero, en relación co conflito laboral do período 2014/2015, e dese xeito dar cumprimento ao acordo plenario de 23 de febreiro de 2015. O texto da placa e a ubicación do monolito levaríase a cabo previo consenso co Comité de Empresa.

4.- O artigo 40 da Lei 20/2022, de 19 de outubro de Memoria Democrática, trata da “revisión de recoñecementos, honores e distincións”, en base ao disposto no citado artigo, acórdase: -Retirar todas as concesións de recoñecementos, honores e distincións que foran aprobadas polo Concello de Vilagarcía de Arousa, que resulten manifestamente incompatibles cos valores democráticos e os dereitos e liberdades fundamentais, que comporten exaltación ou enaltecemento da sublevación militar, a guerra ou a ditadura ou que foran concedidas con motivo de formar parte do aparato de represión da ditadura franquista.

5) Expoñer ao público o expediente por prazo de 20 días naturais, a contar dende a inserción do último dos anuncios, anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na Sede Electrónica do Concello de Vilagarcía de Arousa; durante o que os interesados poderán presentar as alegacións ou suxestións que consideren oportunas. Transcorrido dito prazo sen presentar alegacións, entenderase definitivamente aprobado o cambio de denominación de rúas.

6) Dar conta aos servizos municipais e as seguintes Administracións da adopción do acordo definitivo: Autoridade Portuaria de Vilagarcía; Servizo Galego de Saúde (SERGAS); Sociedade Estatal de Correos e Telégrafo, S.A., S.M.E”; Ministerio de Facenda – Dirección Xeral de Catastro; Ministerio de Facenda - Axencia Tributaria; Axencia Tributaria de Galicia – ATRIGA; Ministerio de Inclusión, Seguridade Social y Migracións – Seguridade Social e Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia, Instituto Nacional de Estatística, Instituto Galego de Estatística, Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro da Propiedade de Vilagarcía de Arousa, Comisaría da Policía Nacional, Xulgado Decano de Vilagarcía de Arousa, Asociación de Comerciantes Zona Aberta, as empresas (MRW, SEUR, UPS, GLS, Marpa Arousa, Ontime, Caylu, Correos Express, CTT Express e Sendign Transporte Urgente) con implantación no concello e á empresa concesionaria do transporte público de persoas Grupo Abalo.

7) Comunicar aos servizos municipais de Obras e Policía Local o acordo definitivamente adoptado, aos efectos de que procedan á adquisición e colocación das novas das placas coa denominación das rúas, e coa conseguinte retirada das actuais.”

Con data 16 de maio de 2025 foi publicado, no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra

(BOPPO nº 92), anuncio de exposición ao público do citado acordo plenario sobre cambio de denominación de rúas, concedendo un prazo de 20 días naturais para a presentación de alegacións ao acordo plenario.

Con data 3 de xuño de 2025 (registro de entrada WEB2025004304), D. Antonio Caeiro Rodríguez presenta unha serie de suxestións e alegacións ao citado acordo plenario de 9 de maio de 2025, as cales están asinadas por D. Jesús María Villaverde Camerón-Walker, presidente da Iniciativa Cidadá pola Memoria Histórica de Vilagarcía de Arousa e Dña. Margarita Teixeira Suárez, en representación de O Faiado da Memoria. Neste escrito solicitan:

- 1) Se reconsidere parcialmente a decisión adoptada no acordo plenario de 9 de maio.
- 2) Se relacionen e identifiquen de xeito transparente os nomes de todas e cada unha das persoas cuxas honras e distincións se privan por revogación derivada da aplicación do artigo 40 da Lei 20/2022, do 19 de outubro, de Memoria Democrática.
- 3) Demandan a ampliación das honras e do recoñecemento público en favor de todas as vítimas do franquismo, con especial énfase naquelas mulleres que sufriron a represión e a morte, cuxos nomes e historias aínda agardan por un xusto e visible tributo.
- 4) Se amplíe a honra de Gómez Paratcha e Luis Pando, fillos predilecto e adoptivo, a outros espazos públicos ou eventos sociais, transcendendo as limitacións actuais das rúas.

Vistas as alegacións, a Secretaria Xeral do concello emitiu, o 17 de xuño de 2025, o seguinte informe:

“1) No ano 2019, a petición do grupo de goberno, levouse a cabo un estudo de revisión do rueiro e simboloxía da dictadura franquista no espazo público (área do Concello de Vilagarcía de Arousa), que consta no expediente do acordo plenario de 9 de maio de 2025.

2) Con anterioridade ao acordo plenario de 9 de maio de 2025, a Xunta de Voceiros reuniuse para tratar o tema de cambio de denominación de diversas rúas, en base ao disposto na Lei 20/2022, de 19 de outubro, de Memoria Democrática.

Debe engadirse que o asunto foi incluído na orde do día da sesión plenaria de 24 de abril, 30 de abril e 9 de maio, sesión onde finalmente quedou aprobada a proposta da Alcaldía, sendo exposto ao público o acordo plenario polo período de 20 días naturais.

3) O acordo plenario de 9 de maio de 2025, inclúe a grandes rasgos: O cambio de denominación de diversas rúas, que figuran enumeradas, coa denominación actual e a denominación futura aprobada inicialmente, a que non procede realizar ningún tipo de obxección xurídica, por tratarse de actos discrecionais.

A discrecionalidade é, esencialmente, unha liberdade de elección entre alternativas igualmente xustas, porque a decisión se fundamenta en criterios extraxurídicos (de oportunidade, etc) non incluídas na Lei e remitidas ao xuízo suxectivo da Administración.

Non obstante o anterior, o artigo 35.1, i) da Lei de Procedemento Administrativo, de 1 de outubro de 2015, establece que serán motivadas, con sucinta referencia de feitos e fundamentos de dereito, os actos que se dicten no exercizo de potestades discrecionais.

Polo tanto, considero correctamente adoptado o acordo plenario de 9 de maio de 2025, relativo ao cambio de denominación de rúas, xa que, pese a tratarse dun acto discrecional, está xustificado na Proposta da Alcaldía, na que se fai mención á necesidade de cumprir coa Lei 20/2022, de 19 de outubro, de Memoria Democrática, os acordos plenarios (é o caso, por exemplo do ministro vilagarcía Gomez Paratcha, ou o xuíz Luis Pando) é o mantemento da toponimia histórica (como no caso de Rúa do Río). E terceiro, a mais que necesaria feminización do rueiro (en Vilagarcía hai 92 rúas que recordan a homes fronte a so 15 que homenaxean a mulleres).

4) Polo que respecta ao acordo de retirar todas as concesións de recoñecementos, honras e distincións que foron aprobadas polo Concello de Vilagarcía de Arousa, que resulten manifestamente incompatibles con valores democráticos e os dereitos e liberdades fundamentais, que comporten exaltación ou enaltecemento da sublevación militar, a guerra ou a dictadura ou que foran concedidas con motivo de formar parte do aparato de represión da ditadura franquista.

Aínda que o citado acordo plenario foi adoptado en base ao disposto no artigo 40 da Lei 20/2022, de 19 de outubro, de Memoria Democrática, o artigo 35.1.b) da LPA, esixe tamén que sexan motivados, os actos que resolvan procedementos de revisión de oficio de disposicións ou actos administrativos, polo que, nese apartado coa finalidade de acadar unha maior seguridade

xurídica, se deben enumerar as concesións de recoñecementos, honras e distincións que foron aprobados no seu día, e que na actualidade acordouse a súa retirada.”

Visto o anterior, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1. Estimar parcialmente as alegacións presentadas pola Iniciativa Cidadá pola Memoria Histórica de Vilagarcía de Arousa e O Faiado da Memoria, relativas a retirada de recoñecemento, honras e distincións, acordadas na sesión Plenaria do 9 de maio de 2025, e proceder dese xeito á retirada dos recoñecementos que se decida na próxima sesión plenaria ordinaria do mes de xuño de 2025.

Desestimar as citadas alegacións en tódolos demais aspectos.

2. Aprobar definitivamente o cambio de denominación das seguintes rúas, que se fará efectivo unha vez que os servizos municipais de Obras e Policía Local, procedan á adquisición e colocación das novas placas coa nova denominación das rúas coa conseguinte retirada das placas actuais, establecéndose como data límite o 1 de setembro de 2025.

Denominacións actuais	As denominacións que estarán vixentes unha vez transcorrido o prazo de exposición ao publico, aprobación definitiva e colocación das novas placas
Rúa Alcalde Rei Daviña	Rúa do Río
Rúa Xeneral Yagüe	Rúa Luís Pando
Travesía Xeneral Yagüe	Travesía Luís Pando
Rúa Fariña Ferreiro	Rúa Maruja Mallo
Avenida José María Rivero de Aguilar	Avenida Laureano Gómez Paratcha
Rúa Conde Vallengano	Rúa Clara Campoamor
Sen nome (rúa que vai do cemiterio do Carril a Cervantes)	Rúa Carmen Meaños «A Carrilla»
Sen nome (PO-548 rotonda Bamio)	Avenida María Casares
Travesía Xesteira	Camiño do Pombal
Travesía Feal	Camiño das Canedas (dende o número 1 ata 12 da actual Travesía Feal)
Travesía Feal	Camiño da Pedra da Vela (dende o número 14 da actual Travesía Feal ata a rúa Feal)
Rúa do Pavillón	Rúa As Lagoñas
Rúa 3	Rúa Covelo
Rúa almirante Fontán	Rúa Esteiro do Rial

Para causar o menor prexuízo aos veciños da Travesía Feal, xa que o cambio de denominación da rúa implica tamén, nunha parte, a modificación da numeración, o concello comprométese a subministrar sen custe algún, para os veciños, os novos números das vivendas, para que sexan colocadas polos seus propietarios.

3. Modificar o acordo plenario de data 21 de novembro de 1997, no seguinte senso, onde di acordase a denominación da rúa Ramiro del Río «Cañotas» á 2a Travesía Rafael Pazos, entre a Praza Rafael Pazos e a rúa Saralegui; debe dicir acordase a denominación da rúa Ramiro del Río «Cañotas» á 1a Travesía Rafael Pazos, entre a Praza Rafael Pazos e a rúa Saralegui.
4. Acordase a instalación dun monolito cunha placa como recoñecemento aos traballaodres do grupo Lantero, en relación co conflito laboral do período 2014/2015, e dese xeito dar cumprimento ao acordo plenario de 23 de febreiro de 2015. O texto da placa e a ubicación do monolito levaríase a cabo previo consenso co Comité de Empresa.
5. O artigo 40 da Lei 20/2022, de 19 de outubro de Memoria Democrática, trata da “revisión de recoñecementos, honores e distincións”, en base ao disposto no citado artigo, acórdase:
 - Retirar todas as concesións de recoñecementos, honores e distincións que foran aprobadas polo Concello de Vilagarcía de Arousa, que resulten manifestamente incompatibles cos valores democráticos e os dereitos e liberdades fundamentais, que comporten exaltación ou enaltecemento da sublevación militar, a guerra ou a ditadura ou que foran concedidas con motivo de formar parte do aparato de represión da ditadura

franquista, e que se concretarán na sesión plenaria.

6. Publicar no Boletín oficial da Provincia de Pontevedra o acordo definitivamente aprobado.

O Alcalde

Alberto Varela Paz

Dáse conta do anexo da Proposta da Alcaldía ao Pleno da Corporación para resolver as alegacións presentadas e elevar a definitivo o acordo plenario de 9 de maio de 2025 sobre o cambio de denominación de diversas rúas do termo municipal de Vilagarcía de Arousa, do seguinte teor:

ANEXO DA PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN PARA RESOLVER AS ALEGACIÓNS PRESENTADAS E ELEVAR A DEFINITIVO O ACORDO PLENARIO DE 9 DE MAIO DE 2025 SOBRE O CAMBIO DE DENOMINACIÓN DE DIVERSAS RÚAS DO TERMO MUNICIPAL DE VILAGARCÍA DE AROUSA

En adición ao punto 1 da proposta da alcaldía para a aprobación definitiva da denominación de diversas rúas e recoñecementos, establécese a proposta para a retirada de distintos honores e distincións, quedando da seguinte maneira:

Retirada do título de Fillo Adoptivo

- D. Miguel Primo de Rivera y Orbaneja, concedido o 4 de abril de 1924.
- D. José María Rivero de Aguilar, concedido o 8 de xaneiro de 1945.
- D. Ramón Encinas Diéguez, concedido o 26 de xaneiro de 1970.

Retirada da Medalla de Ouro

- D. José María Fernández-Ladreda y Menéndez-Valdés, concedida o 29 de setembro de 1948.
- D. José María Rivero de Aguilar, concedida o 22 de febreiro de 1954.
- D. Fernando Suárez Tangil (Conde Vellellano), concedida o 22 de febreiro de 1954.
- D. Ramón Encinas Diéguez, concedida o 26 de xaneiro de 1970.

Retirada do título de Alcalde Honorario

- D. Jacobo Rey Daviña, concedido o 6 de setembro de 1965.

Retirada do título de Tenente de Alcalde Honorario

- D. José Calvo Sotelo, concedido o 21 de maio de 1926.
- D. José Fariña Ferreiro, concedido o 12 de setembro de 1955.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da proposta da Alcaldía e o Anexo á mesma.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con doce votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (9), BNG (2) e EU (1) e nove abstencións dos/as concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (9)

ACÓRDASE Por maioría:

1.- Estimar parcialmente as alegacións presentadas pola Iniciativa Cidadá pola Memoria Histórica

de Vilagarcía de Arousa e O Faiado da Memoria, relativas a retirada de recoñecemento, honras e distincións, acordadas na sesión Plenaria do 9 de maio de 2025, e proceder dese xeito á retirada dos recoñecementos que a seguir se indican.
Desestimar as citadas alegacións en tódolos demais aspectos.

2.- Aprobar definitivamente o cambio de denominación das seguintes rúas, que se fará efectivo unha vez que os servizos municipais de Obras e Policía Local, procedan á adquisición e colocación das novas placas coa nova denominación das rúas coa conseguinte retirada das placas actuais, establecéndose como data límite o 1 de setembro de 2025.

Denominacións actuais	As denominacións que estarán vixentes unha vez transcorrido o prazo de exposición ao público, aprobación definitiva e colocación das novas placas
Rúa Alcalde Rei Daviña	Rúa do Río
Rúa Xeneral Yagüe	Rúa Luís Pando
Travesía Xeneral Yagüe	Travesía Luís Pando
Rúa Fariña Ferreiro	Rúa Maruja Mallo
Avenida José María Rivero de Aguilar	Avenida Laureano Gómez Paratcha
Rúa Conde Vellellano	Rúa Clara Campoamor
Sen nome (rúa que vai do cemiterio do Carril a Cervantes)	Rúa Carmen Meaños «A Carrilla»
Sen nome (PO-548 rotonda Bamio)	Avenida María Casares
Travesía Xesteira	Camiño do Pombal
Travesía Feal	Camiño das Canedas (dende o número 1 ata 12 da actual Travesía Feal)
Travesía Feal	Camiño da Pedra da Vela (dende o número 14 da actual Travesía Feal ata a rúa Feal)
Rúa do Pavillón	Rúa As Lagoíñas
Rúa 3	Rúa Covelo
Rúa almirante Fontán	Rúa Esteiro do Rial

Para causar o menor prexuízo aos veciños da Travesía Feal, xa que o cambio de denominación da rúa implica tamén, nunha parte, a modificación da numeración, o concello comprométese a subministrar sen custe algún, para os veciños, os novos números das vivendas, para que sexan colocadas polos seus propietarios.

3.- Modificar o acordo plenario de data 21 de novembro de 1997, no seguinte senso, onde di acordase a denominación da rúa Ramiro del Río «Cañotas» á 2a Travesía Rafael Pazos, entre a Praza Rafael Pazos e a rúa Saralegui; debe dicir acordase a denominación da rúa Ramiro del Río «Cañotas» á 1a Travesía Rafael Pazos, entre a Praza Rafael Pazos e a rúa Saralegui.

4.- Acordase a instalación dun monolito cunha placa como recoñecemento aos traballadores do grupo Lantero, en relación co conflito laboral do período 2014/2015, e dese xeito dar cumprimento ao acordo plenario de 23 de febreiro de 2015. O texto da placa e a ubicación do monolito levaríase a cabo previo consenso co Comité de Empresa.

5.- O artigo 40 da Lei 20/2022, de 19 de outubro de Memoria Democrática, trata da “revisión de recoñecementos, honores e distincións”, en base ao disposto no citado artigo, acórdase:

- Retirar todas as concesións de recoñecementos, honores e distincións que foran aprobadas polo Concello de Vilagarcía de Arousa, que resulten manifestamente incompatibles cos valores democráticos e os dereitos e liberdades fundamentais, que comporten exaltación ou enaltecedo da sublevación militar, a guerra ou a ditadura ou que foran concedidas con motivo de formar parte do aparato de represión da ditadura franquista, quedando da seguinte maneira:

Retirada do título de Fillo Adoptivo

-D. Miguel Primo de Rivera y Orbaneja, concedido o 4 de abril de 1924.

-D. José María Rivero de Aguilar, concedido o 8 de xaneiro de 1945.

-D. Ramón Encinas Diéguez, concedido o 26 de xaneiro de 1970.

Retirada da Medalla de Ouro

-D. José María Fernández-Ladreda y Menéndez-Valdés, concedida o 29 de setembro de 1948.

-D. José María Rivero de Aguilar, concedida o 22 de febreiro de 1954.

-D. Fernando Suárez Tangil (Conde Vallellano), concedida o 22 de febreiro de 1954.

-D. Ramón Ecinas Diéguez, concedida o 26 de xaneiro de 1970.

Retirada do título de Alcalde Honorario

-D. Jacobo Rey Daviña, concedido o 6 de setembro de 1965.

Retirada do título de Tenente de Alcalde Honorario

-D. José Calvo Sotelo, concedido o 21 de maio de 1926.

-D. José Fariña Ferreño, concedido o 12 de setembro de 1955

6.- Publicar no Boletín oficial da Provincia de Pontevedra o acordo definitivamente aprobado.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250529&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO CONVENIO ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DE SANEAMENTO “AMPLIACIÓN DA ESTACIÓN DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS”. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade, de data 23 de xuño de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Alcaldía, do seguinte teor:

PROPOSTA PARA A APROBACIÓN DO TEXTO DO CONVENIO ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DE SANEAMENTO "AMPLIACIÓN DA ESTACIÓN DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS DE VILAGARCÍA DE AROUSA", COFINANCIADA POLA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER), NO MARCO DO PROGRAMA GALICIA FEDER 2021-2027

Con data 2 de xuño de 2025 o Concello de Vilagarcía de Arousa recibe o texto definitivo do Convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Vilagarcía de Arousa para a execución da actuación de saneamento “Ampliación da estación depuradora de augas residuais de Vilagarcía de Arousa”. Así mesmo, Augas de Galicia solicita que se lle remita, no prazo de dez días, a seguinte documentación: aprobación polo órgano competente do concello do texto do convenio, documentos contables de retención de crédito da achega do concello, coa distribución de anualidades que consta no seu clausulado e certificado de dispoñibilidade de crédito adecuado e suficiente.

Tendo en conta que o convenio debe ser aprobado polo Pleno da Corporación Municipal e precisa, ademais, de contar coa dispoñibilidade de crédito; a Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o 9 de xuño de 2025, tomou coñecemento do texto do convenio e acordou indicar a Augas de Galicia que, no seu caso, e sempre que a Corporación o considere conveniente, podería aprobarse no próximo Pleno ordinario que se celebrará o día 26 de xuño de 2025.

De conformidade co texto remitido pola entidade pública empresarial Augas de Galicia o obxectivo deste convenio é establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o concello de Vilagarcía de Arousa que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na “Ampliación da estación depuradora de augas residuais de Vilagarcía de Arousa”, a súa posta en servizo, a súa explotación e a súa conservación e mantemento nos termos establecidos nas cláusulas seguintes.

A execución das obras de referencia será cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nun 60% do gasto elixible no marco do Programa Galicia FEDER 2021-2027. O investimento total das actuacións obxecto deste convenio ascende a trinta e un millóns trescentos noventa e tres mil trescentos tres euros con dezaioito céntimos (31.393.303,18€).

A obra está financiada polos fondos FEDER nun 60% (15.043.669,14€), pola Xunta de Galicia nun 40% (10.029.112,76€) e polo Concello de Vilagarcía de Arousa nun 20% (6.278.660,64€; e

ademais se engade o canon de auga de 41.860,64€, o que totaliza a suma de 31.393.303,18€. O referido texto establece, na súa cláusula sexta, o compromiso de financiamento do concello, que asume o pago de 6.278.660,64€, de acordo co seguinte calendario de pagos:

Exercicio	Importe
2026	627.866,06€
2027	627.866,06€
2028	627.866,06€
2029	627.866,06€
2030	627.866,06€
2031	627.866,06€
2032	627.866,06€
2033	627.866,06€
2034	627.866,06€
2035	627.866,10€

O convenio de colaboración indica que a entidade pública empresarial Augas de Galicia, entre outras, asume as obrigas de contratación da execución, dirección das obras e labores de coordinación de seguridade e saúde na fase de construción, a xestión delas ata completar a súa finalización e formalizar os actos de recepción.

A cláusula terceira do texto do convenio establece as seguintes obrigas xerais do concello de Vilagarcía de Arousa:

“1. Someter a documentación técnica obxecto da licitación a información pública, mediante publicación no boletín oficial da provincia, por un prazo non inferior a 20 días hábiles, e a emitir unha certificación acreditativa de telo sometido a este trámite, á que se xuntará, no seu caso, un informe onde se dea contestación ás alegacións presentadas. No caso de que debido ao alcance das actuacións, ás afeccións que produza, ou a terse sometido a información pública con anterioridade á sinatura deste convenio de colaboración o concello entenda que non procede este trámite de información pública emitirá certificación neste sentido.

2. Prestar, con carácter previo á licitación das obras de referencia por parte de Augas de Galicia, conformidade co proxecto redactado. Noutro caso, Augas de Galicia poderá deixar sen efecto os compromisos adquiridos neste convenio, sen máis trámites que a comunicación deste feito ao concello.

No caso de que durante a execución das obras de referencia fora necesario modificar o proxecto, estes proxectos serán redactados, supervisados e aprobados por Augas de Galicia. O concello deberá remitir a Augas de Galicia a documentación que a entidade considere necesaria para a súa redacción, previo requirimento. Noutro caso, Augas de Galicia poderá deixar sen efecto os compromisos adquiridos neste convenio sen máis trámites que a comunicación ao concello.

3. Financiar as actuacións nos termos estipulados na cláusula sexta.

4. A efectiva posta a disposición de Augas de Galicia, antes do inicio das obras, dos terreos necesarios para a execución das obras obxecto deste convenio, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico adecuado e a reposición de servizos e servidumes. Se os terreos non foran propiedade da entidade local, esta deberá tramitar o correspondente procedemento de expropiación forzosa. Neste suposto, con carácter previo ao inicio das obras e en relación con todos os bens afectados, o concello deberá remitir a Augas de Galicia unha certificación da persoa titular da secretaría do concello co visto e prace da persoa titular da alcaldía no que conste que a entidade local dispón dos terreos necesarios para a execución das obras libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico adecuado e que os pon a disposición de Augas de Galicia.

5. Asumir a realización das xestións pertinentes, ante os organismos que correspondan, para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias, correndo cos custos que se xeren, entre os que non haberá liquidación ningunha de tributo municipal a que puidera dar lugar a execución das obras, ao ser o concello o titular destas; asumindo tamén o pagamento de calquera taxa, canon ou imposto derivado da construción ou explotación das obras de referencia.

6. No caso de que o proxecto das obras de referencia requira o seu sometemento a trámites de

avaliación ambiental, asumir a condición de órgano promotor e substantivo ante o órgano ambiental competente, realizándose de xeito simultáneo ao trámite de información pública.

7. Recibir as obras e, como titular delas, asumir a súa posta en servizo, explotación, mantemento e conservación durante un prazo mínimo de cinco anos desde o pagamento final ao beneficiario, de acordo co artigo 65.1 do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os devanditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados.

8. Utilizar as instalacións executadas de acordo coa finalidade prevista.

9. No ámbito das súas facultades, colaborar coas outras partes no desempeño das súas obrigas e afrontar e intentar resolver, conforme aos principios de boa fe e lealdade, as dificultades ou problemas que poidan xurdir no desenvolvemento das actuacións, tendo como único criterio da súa xestión, o logro dos obxectivos que se pretenden alcanzar coa obra hidráulica obxecto deste convenio.”

Tendo en conta que a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, dispón no seu artigo 25.1 que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos do referido artigo. Este mesmo artigo, no seu punto 2, indica que os municipios teñen competencias propias en abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais (apartado c). O artigo 86 da mesma norma declara a reserva en favor das Entidades Locais de, entre outras actividades ou servizos esenciais, os de: abastecemento domiciliario e depuración de augas.

No mesmo senso, o artigo 80.2 l) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, sinala como competencia atribuída ás entidades locais o tratamento de augas residuais, delimitando a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia o reparto competencial neste eido, resultando competencia das entidades locais, en materia de execución de obras, as que teñan por obxecto a rede de sumidoiros (artigo 5.1 b), redes de distribución (artigo 27.2 c), a execución de calquera obra no eido do saneamento e/ou a depuración que non teña sido declarada de interese público por algún dos medios do artigo 28 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia. Ademais, en materia de prestación do servizo, atribúese a competencia ás entidades locais para a prestación do servizo respecto de instalacións non comprendidas no artigo 32 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, respecto daquelas instalacións das que non se solicite a súa asunción do servizo pola Xunta de Galicia de acordo co establecido na disposición transitoria quinta, así como a prestación do servizo de saneamento (artigo 5.1.c).

Pola súa parte, a Augas de Galicia é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia. Está adscrita á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, conta con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins e constitúe o medio, xunto co resto de órganos que integran a Administración hidráulica de Galicia, a través do que a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de augas e obras hidráulicas.

Entre estas competencias se atopan, con carácter xeral, e de acordo co establecido na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, a ordenación administrativa e a planificación das obras hidráulicas non declaradas de interese xeral (artigo 4.1 a)) e, de xeito concreto, no ámbito do saneamento e a depuración, correspóndelle a ordenación dos servizos de saneamento en alta (artigo 11.5 a)) e a elaboración dos criterios de coordinación das actuacións das entidades locais (artigo 11.5 b) e 26.2d)), entre outras.

A Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, establece un mandato de colaboración entre as entidades locais, que ostentan competencias en materia de saneamento e a Comunidade Autónoma de Galicia.

O artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 194 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

O artigo 27 da Lei 1/2022, de 12 de xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga, dispón o seguinte:

“Artigo 27. Investimentos sobre as infraestruturas que forman parte da actuación de Augas de Galicia como entidade prestadora de servizos

1. No caso das infraestruturas de titularidade das entidades locais, cando no informe previo referido no artigo 25 se conclúa a necesidade de realizar investimentos nas infraestruturas existentes que permitan unha prestación adecuada dos servizos vinculados máis aló dos correspondentes ao mantemento e á conservación delas, Augas de Galicia formulará unha proposta de convenio de colaboración coas administracións públicas solicitantes da asunción, fundamentada en criterios económicos e técnicos, na que se establecerán as condicións para a súa instrumentación e o seu financiamento. Naqueles casos nos cales Augas de Galicia aínda non estiver actuando como entidade prestadora de servizos, o asinamento destes convenios terá carácter previo ou simultáneo ao referido no artigo 22.

2. Para a determinación da participación no financiamento dos investimentos nas infraestruturas existentes previstas na primeira alínea, en cada caso teranse en conta as dispoñibilidades orzamentarias de Augas de Galicia, dos concellos e das deputacións provinciais correspondentes e, en xeral, de calquera outra administración ou entidade integrante do sector público que poida achegar financiamento.”

Visto o anteriormente exposto, propónse ao Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes acordos:

1.- Aprobar o texto do Convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Vilagarcía de Arousa para a execución da actuación de saneamento "Ampliación da estación depuradora de augas residuais de Vilagarcía de Arousa", cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), no marco do Programa Galicia FEDER 2021-2027.

2.- Autorizar o gasto referente á aportación municipal do concello que figura no convenio de colaboración, por un importe de 6.278.660,64€, que se levará a cabo ao longo dos anos 2026-2035 e a razón de 627.866,06€/ano, en total 10 anos.

3.- Remitir o acordo de aprobación, os documentos contables de retención de crédito da achega do concello coa distribución de anualidades e o certificado de dispoñibilidade de crédito adecuado e suficiente do concello á entidade pública empresarial Augas de Galicia.

4.- Facultar ao Sr. Alcalde para levar a cabo todos os trámites necesarios para continuar a tramitación do citado convenio de colaboración e, nomeadamente, a sinatura do mesmo unha vez aprobado o texto.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do Convenio entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Vilagarcía de Arousa, para a execución da actuación de saneamento “ampliación da estación depuradora de augas residuais”.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con vinte e un votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos

políticos municipais do PSG-PSOE (9), PP (9) e BNG (2), e unha abstención do concelleiro pertencente ao grupo político municipal de EU (1)

ACÓRDASE Por maioría absoluta:

1.- Aprobado o texto do Convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Vilagarcía de Arousa para a execución da actuación de saneamento "Ampliación da estación depuradora de augas residuais de Vilagarcía de Arousa", cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), no marco do Programa Galicia FEDER 2021-2027.

2.- Autorizar o gasto referente á aportación municipal do concello que figura no convenio de colaboración, por un importe de 6.278.660,64€, que se levará a cabo ao longo dos anos 2026-2035 e a razón de 627.866,06€/ano, en total 10 anos.

3.- Remitir o acordo de aprobación, os documentos contables de retención de crédito da achega do concello coa distribución de anualidades e o certificado de dispoñibilidade de crédito adecuado e suficiente do concello á entidade pública empresarial Augas de Galicia.

4.- Facultar ao Sr. Alcalde para levar a cabo todos os trámites necesarios para continuar a tramitación do citado convenio de colaboración e, nomeadamente, a sinatura do mesmo unha vez aprobado o texto e poñer a disposición de Augas de Galicia os terreos necesarios para a execución das obras obxecto do convenio, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico adecuado.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250529&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CESIÓN GRATUÍTA Á ASOCIACIÓN AUTISMO BATA, DA ANTIGA ESCOLA UNITARIA DE GUILLÁN, SITA NA RÚA XIABRE 19.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade, de data 23 de xuño de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta da proposta da Alcaldía, do seguinte teor:

PROPOSTA ÁO PLENO DA CORPORACIÓN PARA A CESIÓN GRATUÍTA Á ASOCIACIÓN DE AUTISMO BATA DA ANTIGA ESCOLA UNITARIA DE GUILLÁN

Por Providencia desta Alcaldía, incoouse expediente para a cesión gratuíta da antiga escola unitaria de Guillán, á Asociación de Autismo Bata, co obxecto que se poida construírse un Centro de Día para persoas con Autismo.

Téndose incorporado ao expediente os seguintes documentos:

- Informe xurídico, emitido pola secretaria xeral do concello. • Solicitud da Asociación de Autismo Bata de cesión da parcela para construción dun centro de día • Inscrición no rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia, da Asociación de Autismo BATA.
- Resolución de declaración de utilidade pública da citada asociación. • Certificado do pleno da Corporación de mutación demanial do ben a ceder.
- Informe favorable, emitido pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia, de desafectación do ben para o uso educativo.
- Inscrición no ben no rexistro de bens desta Corporación. • Inscrición no rexistro da propiedade de Vilagarcía de Arousa.
- Certificado emitido pola secretaria xeral do Concello, onde se fai constar a inscrición no rexistro de bens e no rexistro de propiedade de Vilagarcía de Arousa e da desafectación do ben para o seu uso educativo.
- Ditame do arquitecto municipal de cualificación urbanística dos terreos, de que non están incluídos en ningún planeamento de desenvolvemento e non é previsible que vaia a ser necesaria para o Concello nos próximos dez anos.

Visto o disposto no artigo 110 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL) e acreditado o cumprimento dos requisitos regulamentarios; visto así mesmo o informe emitido pola secretaria xeral do Concello de

Vilagarcía de Arousa, propónse ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordos, previa a emisión do informe do interventor xeral de fondos ao que fai referencia o apartado d) do precitado artigo 110 do RBEL:

1. Acordar a cesión gratuíta, á Asociación de Autismo Bata, da parcela sita na rúa Xiabre nº 19, con referencia catastral 9775614NH1197N0001KE, que figura no Inventario de Bens Municipais co código 1.01.01.06, matrícula 2028-0 e inscrita no rexistro da propiedade de Vilagarcía de Arousa ao Tomo 444, Libro 92, Folio, 23, finca 7570.

2.- Aprobado o convenio coa Asociación de Autismo Bata, onde se recollen as cláusulas que rexen esta cesión e que forman parte do expediente.

3. Publicar anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, concedendo un prazo de 15 días para que se poidan presentar as alegacións que se estimen oportunas. De non presentarse alegacións, entenderase definitivamente aprobada a cesión gratuíta do ben a favor da Asociación de Autismo Bata, así como o convenio que desenvolve os termos da citada cesión.

4.- De non presentarse alegacións, facultar ao Alcalde para a realización dos trámites e para a sinatura de cantos documentos fosen necesarios, para levar a debido efecto o presente acordo.

O Alcalde

Alberto Varela Paz

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da cesión gratuíta á Asociación Autismo BATA, da antiga escola unitaria de Guillán, sita na Rúa Xiabre 19.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21),

ACÓRDASE:

1. Aprobado a cesión gratuíta, á Asociación de Autismo Bata, por 20 anos, da parcela sita na rúa Xiabre nº 19, con referencia catastral 9775614NH1197N0001KE, que figura no Inventario de Bens Municipais co código 1.01.01.06, matrícula 2028-0 e inscrita no rexistro da propiedade de Vilagarcía de Arousa ao Tomo 444, Libro 92, Folio, 23, finca 7570, co obxecto de que poida constituirse un Centro de Día para persoas con autismo.

2.- Aprobado o convenio coa Asociación de Autismo Bata, onde se recollen as cláusulas que rexen esta cesión e que forman parte do expediente.

3. Publicar anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, concedendo un prazo de 15 días para que se poidan presentar as alegacións que se estimen oportunas. De non presentarse alegacións, entenderase definitivamente aprobada a cesión gratuíta do ben a favor da Asociación de Autismo Bata, así como o convenio que desenvolve os termos da citada cesión.

4.- De non presentarse alegacións, facultar ao Alcalde para a realización dos trámites e para a sinatura de cantos documentos fosen necesarios, para levar a debido efecto o presente acordo.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250529&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG, RELATIVA AO REMATE DA OBRA E POSTA EN MARCHA DO APARCADOIRO DISUASORIO PARA O FOMENTO DO USO COMPARTIDO EN CORNAZO.-

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade, de data 23 de xuño

de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do BNG coa data de 13 de xuño de 2025, do seguinte teor:

MOCIÓN RELATIVA AO REMATE DA OBRA E POSTA EN MARCHA DO APARCADOIRO DISUASORIO PARA O FOMENTO DO USO COMPARTIDO EN CORNAZO

Don Francisco Javier Rodríguez Paz, portavoz do Grupo municipal do BNG no concello de Vilagarcía de Arousa, ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e, se procede, aprobación a seguinte moción.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No ano 2002 a Xunta de Galiza anunciou a súa intención de crear tres aparcamentos disuasorios para o fomento do uso de coche compartido en Caldas (zona de Saiar), Vilagarcía (zona de Cornazo) e Ribadumia. Sen embargo a proposta quedou no aire e non foi ata o 5 de febreiro do 2023 cando a Xunta de Galiza recuperou a iniciativa e anunciou a creación nesta ocasión de dous aparcamentos, un en Vilagarcía e outro en Ribadumia. En concreto, o de Vilagarcía, anunciaban que contaría con 59 prazas e que tiñan previsto construílo nas proximidades da glorieta da vía de alta capacidade Cambados-Vilagarcía (VG-4.3) e da N-640, no lugar de Coruxo.

O 21 de abril de 2023 a Xunta de Galiza anuncia que conta con oito ofertas para comezar coa construción do aparcamento no noso concello, e que para iso calculan unha inversión de arredor de 565.000 euros. O 28 de xullo de 2023 sae pública xa a adxudicación do proxecto á empresa Construcciones Cernadas S.L. por un importe final de 508.448 euros e estimando o comezo das obras para ese mesmo verán.

Finalmente, a empresa adxudicataria comeza as obras do aparcamento de Vilagarcía o 2 de setembro de 2023, e así sae de feito publicada na prensa local dese día. Por outra banda, a Xunta de Galiza colga na súa páxina web o anuncio do comezo das obras o día 6 de setembro dese mesmo ano.

A realidade é que tras uns primeiros movementos de terra e tarefas de aplanamento do terreo, os traballos quedaron paralizados sen que se teña avanzado nada máis, nin exista información clara sobre os motivos do atraso nin sobre unha nova planificación para a súa finalización. Hoxe en día a parcela está en situación de total abandono e invadida por malezas, sen que se lle poida dar o uso para o que foi deseñada.

Sen embargo, a diferenza de Vilagarcía, o 22 de xuño de 2024, comprobamos que en Ribadumia si que se finalizaron as obras e que o Concello veciño conta polo tanto co seu aparcamento. A Conselleira de Planificación de Infraestruturas indicou entón que a execución do aparcamento en Vilagarcía quedaba pendente da autorización e permisos por parte do Ministerio de Transportes. Esta resposta non resulta satisfactoria despois de dous anos e medio dende o anuncio do proxecto e case dous anos desde a súa adxudicación e suposto inicio.

A día de hoxe, o aparcamento segue sen ser unha realidade. Non entendemos como a Xunta de Galiza comezou cunhas obras que non contaban segundo eles coa autorización do Ministerio. É curioso sen embargo que o aparcamento de Ribadumia si que puidese levarse a cabo, mentres que o de Vilagarcía de Arousa non.

Tendo en conta o modelo de cidade que queremos para Vilagarcía e a nosa aposta por facela máis accesíbel e sostíbel, pensamos que iniciativas coma esta son fundamentais para promover unha mobilidade máis sostible na comarca, reducindo o tráfico no centro urbano e facilitando o uso compartido do vehículo.

A paralización indefinida destas obras supón un novo exemplo de discriminación no reparto dos investimentos públicos, ademais dunha falta de respecto aos compromisos adquiridos pola administración autonómica.

Por todo iso é polo que solicitamos a adopción do seguinte

ACORDO:

- Instar á Xunta de Galiza a que retome e remate, con carácter de urxencia, as obras do aparcamento disuasorio situado na zona de Coruxo, en Vilagarcía de Arousa.
- Solicitar á Xunta que faga pública a situación actual do proxecto, os motivos da paralización das obras e o calendario previsto para a súa execución.
- Dar traslado deste acordo á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galiza, ao

Ministerio de Transportes e á FEGAMP.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do BNG e PSdeG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, relativa ao remate da obra e posta en marcha do aparcadoiro disuasorio para o fomento do uso compartido en Cornazo.

Dáse conta da seguinte emenda de substitución presentada polo grupo político municipal do PP:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 10.6 do Regulamento de Organización, Funcionamento do Concello de Vilagarcía de Arousa, formulan, a seguinte EMENDA en relación á proposta presentada polo grupo político municipal do BNG relativa ao “remate da obra e posta en marcha do aparcadoiro disuasorio para o fomento do uso compartido en Cornazo”, quedando os acordos deste asunto da seguinte maneira:

1.- Instar ao Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana do Goberno de España a que autorice a solicitude da Xunta de Galicia en relación ao APARCAMENTO DISUASORIO PARA O FOMENTO DE VEHÍCULO COMPARTIDO ASOCIADO Á IMPLANTACIÓN DE ZONAS DE BAIXAS EMISIÓN EN CIDADES GALEGAS e-4.3 do lugar de Coruxo, na Parroquia de Cornazo no Concello de Vilagarcía de Arousa.

2.- Instar á Xunta de Galicia a que, unha vez que reciba dita autorización, retome e remate, con carácter de urxencia, as obras do aparcamento disuasorio situado na zona de Coruxo, en Vilagarcía de Arousa.

3.- Solicitar á Xunta que faga pública a situación actual do proxecto, os motivos da paralización das obras e o calendario previsto para a súa execución.

4.- Dar traslado deste acordo á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia, ao Ministerio de Transportes e á FEGAMP.

Vilagarcía de Arousa, 26 de xuño de 2025.

Fdo. Ana María Granja Guillán

Voceira do Partido Popular de Vilagarcía de Arousa

- Polo grupo político municipal do BNG aceptase a emenda presentada, polo grupo político municipal do PP.

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde a moción coa emenda presentada, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21),

ACÓRDASE aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do BNG coa emenda do grupo municipal do PP e:

1.- Instar ao Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana do Goberno de España a que autorice a solicitude da Xunta de Galicia en relación ao APARCAMENTO DISUASORIO PARA O FOMENTO DE VEHÍCULO COMPARTIDO ASOCIADO Á IMPLANTACIÓN DE ZONAS DE BAIXAS EMISIÓN EN CIDADES GALEGAS e-4.3 do lugar de Coruxo, na Parroquia de Cornazo no Concello de Vilagarcía de Arousa.

2.- Instar á Xunta de Galicia a que, unha vez que reciba dita autorización, retome e remate, con carácter de urxencia, as obras do aparcamento disuasorio situado na zona de Coruxo, en Vilagarcía de Arousa.

3.- Solicitar á Xunta que faga pública a situación actual do proxecto, os motivos da paralización das obras e o calendario previsto para a súa execución.

4.- Dar traslado deste acordo á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia,

ao Ministerio de Transportes e á FEGAMP.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250529&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE ESQUERDA UNIDA, RELATIVA Á CREACIÓN DUNHA LIÑA DE AXUDAS MUNICIPAIS AO TRANSPORTE COLECTIVO DE MENORES PARA CLUBS DEPORTIVOS, ASOCIACIÓN CULTURAIS E CENTROS EDUCATIVOS.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, de data 23 de xuño de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal de Esquerda Unida, coa data de 12 de xuño de 2025, do seguinte teor:

CREACIÓN DUNHA LIÑA DE AXUDAS MUNICIPAIS AO TRANSPORTE COLECTIVO DE MENORES PARA CLUBS DEPORTIVOS, ASOCIACIÓN CULTURAIS E CENTROS EDUCATIVOS
O Voceiro do Grupo Municipal de Esquerda Unida, EU, ao amparo do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, formula, para a súa discusión, e no seu caso, aprobación por parte do pleno a Seguinte Moción

Exposición de Motivos.

A participación en actividades deportivas, culturais e educativas constitúe unha ferramenta esencial para o desenvolvemento persoal, social e emocional da infancia e da mocidade. Porén, moitas destas actividades requiren desprazamentos —moitas veces fóra do termo municipal— que implican custos e responsabilidades lóxicas para as familias ou as entidades organizadoras.

En particular, os encontros deportivos, que se celebran de forma recorrente durante as fins de semana, supoñen que numerosas familias teñan que asumir o traslado dos menores polos seus propios medios, en vehículos particulares, de forma improvisada e sen a organización nin os recursos adecuados. Esta situación non só xera desigualdades de acceso, senón que leva asociados riscos de seguridade viaria, sobrecarga organizativa para os pais e nais, e dificultades para garantir a participación de todos os menores, especialmente daqueles cuxas familias non dispoñen de vehículo ou teñen limitacións económicas ou laborais.

Os clubs deportivos, as asociacións culturais e os centros educativos do municipio desempeñan un papel clave na educación non formal e no benestar da infancia. Por iso, é responsabilidade das administracións públicas facilitar o seu labor e garantir que ningún menor quede excluído das actividades por cuestións económicas ou de mobilidade.

Ante esta realidade, propoñemos a creación dunha liña de axudas municipais destinada a sufragar os gastos de transporte colectivo para este tipo de actividades, fomentando así a participación, a equidade e a seguridade.

Polo que por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal de EU, propón a adopción dos seguintes Acordos:

- 1) Crear unha liña de axudas municipais destinada a sufragar, parcial ou totalmente, os gastos de transporte colectivo de menores para actividades organizadas por clubs deportivos, asociacións culturais e centros educativos do municipio.
- 2) Encargar aos servizos técnicos municipais competentes o deseño formal da convocatoria, o procedemento de solicitude, a valoración das propostas, así como o seguimento e xustificación das axudas concedidas.
- 3) Determinar unha dotación orzamentaria anual específica para esta convocatoria, con cargo aos orzamentos municipais, que será revisada anualmente en función da demanda e da dispoñibilidade económica do Concello.
- 4) Dar difusión a esta convocatoria entre todas as entidades do municipio potencialmente beneficiarias para asegurar a máxima participación e transparencia no proceso.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

A persoa representante do grupo político municipal de EU informa favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE, PP e BNG din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal de Esquerda Unida, relativa á creación dunha liña de axudas municipais ao transporte colectivo de menores para clubs deportivos, asociacións culturais e centros educativos.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con doce votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PP (9), BNG (2) e EU (1) e nove abstencións dos/as concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PSdeG-PSOE (9)

ACÓRDASE Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal de EU e:

- 1) Crear unha liña de axudas municipais destinada a sufragar, parcial ou totalmente, os gastos de transporte colectivo de menores para actividades organizadas por clubs deportivos, asociacións culturais e centros educativos do municipio.
- 2) Encargar aos servizos técnicos municipais competentes o deseño formal da convocatoria, o procedemento de solicitude, a valoración das propostas, así como o seguimento e xustificación das axudas concedidas.
- 3) Determinar unha dotación orzamentaria anual específica para esta convocatoria, con cargo aos orzamentos municipais, que será revisada anualmente en función da demanda e da dispoñibilidade económica do Concello.
- 4) Dar difusión a esta convocatoria entre todas as entidades do municipio potencialmente beneficiarias para asegurar a máxima participación e transparencia no proceso.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250529&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

11.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP, SOBRE O ESTADO DE ABANDONO DAS FONTES, DA VEXETACIÓN E DOS LAVADOIROS, EN VILAGARCÍA DE AROUSA.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade, de data 23 de xuño de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP, coa data de 18 de xuño de 2025, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 26 de xuño de 2025 a seguinte MOCIÓN:

MOCIÓN SOBRE O ESTADO DE ABANDONO DAS FONTES, DA VEXETACIÓN E DOS LAVADOIROS EN VILAGARCÍA DE AROUSA

EXPOÑEN

Unha das obrigas fundamentais de calquera goberno local é garantir o correcto mantemento do mobiliario urbano, dos espazos verdes e do patrimonio. O estado no que se atopan distintos elementos da nosa cidade, especialmente fontes ornamentais, zonas axardinadas e lavadoiros, é motivo de fonda preocupación veciñal.

En primeiro lugar, as fontes públicas de Vilagarcía presentan, en moitos casos, un estado

lamentable de inactividade e acumulación de sucidade, converténdose non só nun problema estético, senón tamén de salubridade. Exemplos evidentes son as fontes situadas en O Piñeiriño ou na rúa Arcebispo Lago, que levan tempo con moitos fallos no funcionamento e acumulan lixo, follas secas e, mesmo, auga estancada.

En segundo lugar, a vexetación—tanto nas zonas axardinadas urbanas como no rural— amosa claros signos de abandono. A falta de poda, o crecemento descontrolado de maleza e a ausencia de labores de mantemento básico en moitos casos contribúen a unha imaxe de desleixo xeneralizado en distintos barrios do municipio. As zonas de O Piñeiriño, Aralde, Renza, Bamio, A Laxe... son exemplos destacados desta situación que se agrava no rural.

Por outra banda, a meirande parte dos lavadoiros, que forman parte do patrimonio cultural e histórico de Vilagarcía, atópanse en estado de deterioro e abandono, sen traballos de conservación, sinalización nin posta en valor. Os lavadoiros de Trabanca Sardiñeira, Sobradelo ou Aralde son claros exemplos da desatención municipal cara a estes elementos identitarios.

A falta de mantemento destes espazos non só prexudica a calidade de vida da veciñanza, senón que transmite unha imaxe negativa da cidade, afectando tamén ao turismo e ao respecto polo noso patrimonio común.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno a adopción dos seguintes:

ACORDOS:

1. Instar ao Goberno municipal a realizar, con carácter urxente, unha revisión integral do estado de todas as fontes do municipio e proceder á súa limpeza, reparación e posta en funcionamento.
2. Reforzar os traballos de mantemento das zonas verdes en toda cidade, con especial atención as zonas rurais que son as máis abandonadas.
3. Elaborar un plan específico de recuperación e posta en valor dos lavadoiros tradicionais do municipio, que inclúa a súa limpeza, restauración, sinalización e integración en iniciativas culturais e turísticas.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PP informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP, sobre o estado de abandono das fontes, da vexetación e dos lavadoiros, en Vilagarcía de Arousa.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con doce votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PP (9), BNG (2) e EU (1) e nove abstencións dos/as concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PSdeG-PSOE (9)

ACÓRDASE Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PP e:

1. Instar ao Goberno municipal a realizar, con carácter urxente, unha revisión integral do estado de todas as fontes do municipio e proceder á súa limpeza, reparación e posta en funcionamento.
2. Reforzar os traballos de mantemento das zonas verdes en toda cidade, con especial atención as zonas rurais que son as máis abandonadas.
3. Elaborar un plan específico de recuperación e posta en valor dos lavadoiros tradicionais do municipio, que inclúa a súa limpeza, restauración, sinalización e integración en iniciativas culturais e turísticas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250529&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

12.- COMPARECENCIA DE D. ALVARO CAROU GARCÍA, EN RELACIÓN CO ANUNCIO DE RENFE DE REDUCCIÓN DE FRECUENCIAS DO TREN DE LONGA DISTANCIA QUE CONECTA VILAGARCÍA COA MESETA.

Dáse conta do acordo adoptado na sesión plenaria ordinaria de 29 de maio de 2025, do seguinte teor:

Moción solicitude de comparecencia

O Voceiro do Grupo Municipal de Esquerda Unida, Juan Manuel Fajardo Recousó, ao amparo do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, formula, para a súa discusión, e no seu caso, aprobación por parte do pleno a Seguinte

Solicitude de comparecencia do edil responsable de Turismo e promoción económica

Renfe ven de anunciar a redución de frecuencias do tren de longa distancia que conecta Vilagarcía coa meseta, esta redución supón de facto a supresión da posibilidade de enlazar con vos internacionais dende o aeroporto de Madrid, pero tamén sobre todo imposibilita ir e vir no día a Madrid dende Vilagarcía.

Sorprendentemente cando se deu a coñecer, tanto o edil de turismo, como o alcalde, fixeron varias publicacións en redes onde literalmente dicían, “Máis e mellor conectados, o que sempre defendemos e por iso traballamos. Vilagarcía a tres horas e un café “, slogan que quedou finiquitado ese día cando se demostrou que pasabamos de tres horas e un café a tres horas e varios transbordos, como ben dicía un xornalista local.

Pero o realmente grave desta publicación por parte do goberno local é que foron absolutamente alleos a decisión, que descoñecían, pero que non se molestaron sequera en comprobar, facéndose eco dun titular, sen comprobar os feitos. A realidade pasoulles de largo, como vai pasar o AVE dúas veces ao día pola estación de Vilagarcía.

Demostrouse, que cando se acadaron as frecuencias, foi a pesar do goberno local, que no pintou nada na decisión, e agora, foi por riba deles, cando o alcalde de Vigo, elimina dúas frecuencias en Vilagarcía, para gañar 5 minutos no traxecto a Madrid, unha vez máis, Varela de pagafantas de Abel Caballero.

Polo que facemos as seguintes preguntas:

Como é posible que o goberno local se felicite dunha decisión que supuña un recorte na nosa conexión ferroviaria coa meseta?

Cantas reunións mantivo o goberno local no último ano cos responsables de RENFE ou o ministerio para tratar este tema?

Que traballo concreto e demostrable fixeron para tratar de atraer máis frecuencias a Vilagarcía?

Por qué someten os intereses de Vilagarcía aos intereses de Abel Caballero?

De que nos serve pagarlle ao presidente da FEGAMP si é incapaz de defender os intereses do noso concello, ou do conxunto de concellos da comarca?

Ten previsto o goberno local, coordinarse co resto de concellos afectados para organizar unha resposta conxunta a esta aldraxe?

Como é posible que non revisasen o acordo antes de facer público a súa alegría polo recorte?

Van cambiar o slogan de a tres horas e un café, por a tres horas e un café, unhas pastas, un par de bocadillos e outra ronda de cafés?

Cando pensan asumir responsabilidades ante esta evidencia de falta de traballo e compromiso con Vilagarcía e os seus intereses

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con doce votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PP (9), BNG (2) e EU (1) e nove votos en contra dos/as concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PSdeG-PSOE,

ACÓRDASE Por maioría: Aprobar a comparecencia de D. Alvaro Carou García, en calidade de Concelleiro de Turismo e Promoción Económica, en relación co anuncio de RENFE de redución de frecuencias do tren de longa distancia, que conecta Vilagarcía coa Meseta.

De conformidade co disposto no artigo 19 do Regulamento Orgánico do Pleno do concello de vilagarcía de Arousa, unha vez aprobada polo Pleno a comparecencia mencionada, o Alcalde deberá incluír o asunto na Orde do Día da próxima sesión plenaria.

Polo Sr. concelleiro Don Álvaro Carou García dáse resposta ás preguntas citadas, na petición de comparecencia.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250529&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

13.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250626&punto=13>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

14.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250626&punto=14>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

15.- RESPOSTA DOS/AS CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS ÁS PREGUNTAS FORMULADAS NO PLENO ANTERIOR.

Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as respóndese ás preguntas formuladas no Pleno anterior.

- Sendo as 20:30 horas auséntase da sesión plenaria o Concelleiro D. Diego García Santiago.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250626&punto=15>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

16.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POR ESCRITO POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

Dáse conta do escrito presentado o día 18 de xuño de 2025, por Dona Ana Mª Granja Guillán, voceira do grupo político municipal do PP, no que ao abeiro do establecido no artigo 22 do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa, formulan, para a súa inclusión na Orde do día e resposta no Pleno Ordinario de 26 de xuño de 2025, as preguntas seguintes:

A pregunta sería a seguinte:

- ¿En qué estado se atopa o procedemento xudicial iniciado por Laninver SHC acerca do cumprimento do Convenio Urbanístico suscrito entre o Concello e Jose Lantero e hijos S.A.?

-Polo Sr. Alcalde se da reposta á devandita pregunta.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250626&punto=16>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

17.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS ORALMENTE NA SESIÓN, POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas que serán contestadas no próximo Pleno.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250626&punto=17>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

18.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN. Por parte das persoas que asisten como público á sesión non se formulan rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250626&punto=18>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 20:45, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.